


**VOCABULARIO E  
TERMOS  
ARTÍSTICOS**

## 1.- ÁBSIDA.

Espazo semicircular, poligonal ou rectangular, orientado ao leste, que remata a cabeceira dalgunhas igrexas e na que se sitúa o altar. Pode haber unha ou máis ábsidas, sempre número impar e a central de maior desenvolvemento. En ocasións unha ábsida acolle pequenas ábsidas secundarias denominadas absidiolas.



Santa María de Cambre. Finais do século XII.  
Románico.



## 2.- ALTORRELEVO

Un relevo é unha escultura enmarcada nun muro ou outro soporte que a contén. No caso do altorrelevo, o motivo escultórico sobresaie máis da metade do seu grosor en relación ao fondo.

Arco de Tito. Roma. Século I d.C.



## 3.- APARELLO ALMOFADADO.

Palacio de Carlos V na Alhambra de Granada.  
Pedro Machuca. Século XVI. Renacemento  
español.



Paramento de sillería onde a cara dos sillares (bloques de pedra) labrouse ao xeito dunha almofada, presentando as xunturas biseladas ou refundidas de xeito que a súa parte frontal resulta en relevo.

## 4.- ARCOBOTANTE.

Elemento sustentante en forma de arco que transmite o peso dunha bóveda cara aos contrafortes exteriores. Son característicos do estilo gótico.

Serve tamén para conducir as augas de choiva ata as gárgolas a través da canle no seu extradorso.

Catedral de Burgos. Séculos XIII-XIV.



## 5.- ARCO APUNTADO.

Catedral de Tui.



Arco formado por dous segmentos de circunferencia de igual radio pero de diferente centro, que forman un ángulo na clave. Son característicos da arte gótica e tamén se coñecen como arcos oxivais.

## 6.- ARCO DE FERRADURA.

Arco que ten unha curva maior que unha semicircunferencia. É empregado tanto na arte visigoda como na islámica.

Medina Azahara, Córdoba, século X.



## 7.- ARCO DE MEDIO PUNTO.

Arco que ten a forma dunha semicircunferencia. É o elemento máis característico da arte romana.

Arco de Constantino. Século IV.



## 8.- ARCO DE FAIXA.

Arco que reforza e divide en tramos a unha bóveda de canón, de forma transversal ao eixo lonxitudinal da nave.

## 9.- ARCO FORMEIRO.

Arco paralelo ao eixo lonxitudinal dunha nave e que comunica unha nave con outra. Serve como soporte das bóvedas laterais.




Santa María del Naranco. Oviedo. Século IX. Prerrománico asturiano.





## 10.- ARCO PERALTADO e 11.- ARCO REBAIXADO.

Peraltado é aquel de medio punto que prolonga en recto o seu arranque de xeito que supera a media circunferencia sendo a flecha maior que o radio ou semiluz. Ou tamén, cando o centro da semicircunferencia está por riba da liña de impostas.


O rebaixado é aquel de curvatura inferior á media circunferencia, de xeito que a flecha é superior á semiluz. Ou, dito doutro xeito, cando o seu centro está por debaixo da liña de impostas. Variación do arco de medio punto, que pode non ser un semicírculo (arco **carpanel**) ou pode ser un semicírculo co centro baixo a liña de (arco **escarzano**).



Empregáronse ao final do Gótico e ao comezo do Renacemento



## 12.- ARQUITRABE.



Parte inferior do entaboamento, apoiado inmediatamente sobre o capitel da columna.

Na orde dórica, o arquitrabe é liso, pero nas ordes xónica e corintia está dividido en tres bandas horizontais.

## 13.- ARQUIVOLTA.

Cada unha das roscas ou molduras dispostas de xeito concéntrico en torno dun arco. O conxunto de arquivoltas crea unha portada abucinada. Son propias da arquitectura románica e gótica presentando habitualmente decoración tanto figurada coma xeométrica.




## 14.- BAIXORRELEVO.



Un relevo é unha escultura enmarcada nun muro ou outro soporte. No caso do baixorrelevo, o motivo escultórico sobresaie menos da metade do seu grosor sobre o fondo.

## 15.- BASE.



Parte inferior da columna ou piar sobre a que apoia o fuste. Adoita combinar molduras cuadrangulares, cóncavas e convexas (plinto, escocia, toro, bocel), mais ou menos labradas.



## 16.- BODEGÓN.

Pintura ou debuxo no que se representan alimentos, recipientes ou utensilios domésticos sobre unha superficie. É un subxénero pictórico, dentro da natureza morta, que se desenvolverá no Barroco.



## 17.- BÓVEDA DE ARESTA.

Bóveda que resulta da intersección de dúas bóvedas de canón.




## 18.- BÓVEDA DE CANÓN.




Cuberta semicilíndrica, orixinada polo desprazamento dun arco de medio punto sobre soportes paralelos ao longo dun eixo lonxitudinal.

## 19.- BÓVEDA DE CRUZARÍA.

Cuberta abovedada que se forma polo cruce (clave) en aspa de arcos ou nervios estruturais sobre os que se apoia a cuberta propiamente dita ou plementería. Os nervios transmiten os empuxes aos piares polo que non se precisa reforzar o muro como coa bóveda de canón.



## 20.- CANON.



Norma que regula as relacións de proporcións ideais entre as partes dun edificio ou entre os membros do corpo humano a fin de establecer un modelo de máxima beleza e harmonía. É un término de orixe grega que significa regra, modelo.

## 21.- CAPITEL COMPOSTO.

Capitel de creación romana por fusión de elementos dos capiteis gregos: as volutas do xónico e as follas de acanto do corintio.




## 22.- CAPITEL CORINTIO.

Capitel clásico grego que presenta follas de acanto dispostas en dúas ou máis filas, as inferiores moi curvadas cara á fora e as superiores enroscadas (caulículos).




## 23.- CAPITEL DÓRICO.



O capitel clásico grego constituído por equino, moldura circular e convexa, e ábaco, peza a modo de taboíña.

## 24.- CAPITEL XÓNICO.

O capitel clásico grego formado por volutas nos catro ángulos ás que se superpón un pequeno ábaco.



## 25.- CIBORIO.

Construción elevada sobre o cruceiro dunha igrexa, en forma de torre de planta cadrada, octogonal ou poligonal, que encerra no seu interior unha cúpula e que pode ir rematado por un chapitel (bulboso, cónico, piramidal).




## 26.- CLAROSCURO.



Técnica pictórica que se serve dun forte contraste de luces e sombras, zonas iluminadas e zonas escuras, a fin de acentuar os volumes e resaltar a profundidade. Cando o claroscuro é moi marcado para remarcar o dramatismo, falamos de tenebrismo.


## 27.- CLAVE DUN ARCO.

Pedra central que pecha un arco ou unha bóveda.




## 28.- COLOR COMPLEMENTARIO.

Son aquelas cores que se atopan nunha posición oposta dentro do círculo cromático.



## 29.- COLUMNA SALOMÓNICA.

É unha columna que ten o seu fuste contorneado en forma helicoidal. Chamóuselle deste xeito xa que se pensaba que así eran as columnas do Templo de Salomón, en Xerusalén.




## 30.- CONTRAFORTE.




Engadido exterior grosa a modo de pilastra que serve para reforzar o muro dunha edificación e contrarrestar os empuxes das bóvedas ou aqueles puntos que soportan maiores cargas.

## 31.- CONTRAPOSTO.

Palabra italiana que serve para expresar a oposición harmónica das distintas partes do corpo da figura humana, especialmente cando algunha deles se encontra en movemento ou en tensión e a súa simétrica en repouso. Unha perna queda afincada no chan mentres a outra dobra e adiantase, o que repercute na cadeira e nos ombreiros. A mesma oposición tensión-relaxación se mostra nos brazos, ao tempo que a cabeza xira lixeiramente. Favorece a sensación de movemento e rompe a lei de frontalidade.




## 32.- CORNIXA.



Na arquitectura clásica, parte que sobresa e no alto do entaboamento despois do friso. En xeral, a parte superior e saínte da cuberta que remata un edificio.


### 33.- CADRO DE HISTORIA.

Xénero pictórico que representa escenas históricas, literarias, bíblicas ou lendarias, e que trata de ser moralmente edificante ou ter carácter conmemorativo. Adoitan ser obras de gran formato por necesidades do seu contido narrativo. Adoitan conter uns personaxes centrais e moitos secundarios.



### 34.- CADRO DE XÉNERO.

É un xénero pictórico que se caracteriza por representar escenas cotiás, con gran realismo, en interiores ou en exteriores.




### 35.- CÚPULA.



Cuberta semiesférica, xerada pola rotación dun arco. Pode cubrir un espazo circular, poligonal ou cadrado. Nestes dous últimos casos precisa apoiar sobre pendentes (pechinas) ou trompas.


### 36.- CURVA PRAXITELIANA.

Contrabalanceo acusado do contraposto, ata adquirir trazo curvilíneo ou en S, que acentúa a sensación de dinamismo. Caracterizaba a composición das esculturas de Praxíteles de quen toma o nome.




### 37.- DEAMBULATORIO.

Corredor que rodea a traseira do altar maior. Aadoita ser prolongación das naves laterais nas igrexas de tres naves. Tamén chamado xirola. É un elemento que apareceu coas igrexas de peregrinación románicas para que os peregrinos poidesen acudir ás capelas absidiais sen molestar ao culto da nave principal. Tamén se seguiu a construír durante o Gótico.




### 38.- DOELA.

Cada unha das pezas en forma de cuña coas que se forma a volta do arco. A central denomínase clave e a primeira, inmediata ó arranque, recibe o nome de salmer.




### 39.- ENTABOAMENTO.

En arquitectura clásica chámase entabamento á franxa horizontal que descansa sobre o capitel das columnas. É un conxunto de pezas que consta de arquitrabe, friso e cornixa.




### 40.- ÉNTASE.



Engrosamento do fuste dunha columna, na súa parte central, para corrixir as desviacións da perspectiva e conseguir que pareza recta en lugar de cóncava, que é como parecería de carecer de entase.

## 41.- ESCULTURA DE VULTO REDONDO.

Aquela que pode ser contemplada desde calquera punto de vista ao seu redor pois non está adosada a nada e está traballada por todos os lados. Tamén denominada exenta.




## 42.- ESCULTURA EXENTA.

Aquela escultura de vulto redondo na que ningún elemento (muro, parede...) nos impide a visión da obra dende todos os puntos de vista posibles.



## 43.- ESFUMADO/SFUMATO.



Técnica pictórica que esfuma os contornos e os tonos ó tempo que os planos afastados quedan somerxidos nunha néboa vaporosa.

Trata de plasmar os efectos atmosféricos para lograr profundidade

É propia da pintura de Leonardo da Vinci e, en certo sentido, da súa achega á perspectiva aérea.


## 44.- ESTATUA ECUESTRE.

Escultura de bulto redondo que representa unha figura humana a cabalo. Ten carácter de obra conmemorativa de personaxes relevantes.



## 45.- ESTATUA-COLUMNNA.

Estatua de canon xeralmente esvelto, adosada ao fuste dunha columna ou a un muro e aproximadamente da súa mesma altura. É característica das portadas románicas.



## 46.- ESTILO.




Conxunto de trazos orixinais e persistentes nun artista, época, escola ou zona xeográfica que permiten identificar la obra como pertencente a esa categoría.

Podemos falar dun estilo gótico, dun estilo románico, renacentista...


## 47.- FRISO.

En arquitectura clásica, é a parte do entaboamento que se sitúa entre o arquitrabe e a cornisa. Na orde dórica está decorado cunha sucesión de triglifos e metopas. Nas ordes xónica e corintia presenta unha decoración continua, sen triglifos.



## 48.- FUSTE.

Parte central da columna, situada entre a base (se hai) e o capitel. Pode ser liso, sogueado, estriado, salomónico...




## 49.- ICONOGRAFÍA.

Estuda a orixe, formación e desenvolvemento dos temas figurados e dos atributos cos que se poden identificar e dos que adoitan acompañarse.



## 50.- IMPOSTA.




Liña sobre a que se asenta un arco ou unha bóveda, ou moldura colocada entre a parte recta de un vano e la dovela inferior que inicia a curvatura de un arco.

Tamén pode referirse á moldura exterior que marca a separación entre niveis dunha edificación.

## 51.- LIÑA SERPENTINATA.

Liña compositiva en serpentina. Conforma un xiro violento sobre si mesma de modo que as figuras contrabalancean cabeza, ombreiros e cadeiras. É unha configuración moi propia do Manierismo.




## 52.- MÉNSULA.

Peza ornamental en beiral e voada que serve para soste algun elemento arquitectónico (balcóns, cubertas, arcos).



## 53.- METOPA.



Espazo rectangular que media entre dous triglifos no friso da orde dórica. Adoita ornamentarse con relevos ou simplemente con cor. Na imaxe, metopa en verde e triglifo en vermello.

## 54.- NÁRTICE.

Espazo das basílicas paleocristiáns e bizantinas situado na entrada principal e aberto ao patio porticado, reservado aos catecúmenos (adultos non bautizados). Nas igrexas románicas identifícase co vestíbulo da portada principal.



## 55.- NATUREZA MORTA.



Aínda que tradicionalmente se empregaba como sinónimo de bodegón, a natureza morta fai referencia a un concepto máis amplo. Nos bodegóns, os protagonistas son froitas, flores e verduras. Nunha natureza morta, o son os obxectos inanimados.


## 56.- PARTELUZ.

Elemento vertical en forma de columna ou piar, que divide a anchura ou luz dun vano (fiestra ou porta). Pode portar, especialmente nas portadas, unha estatua como elemento ornamental. Pode denominarse tamén mainel.




## 57.- PERSPECTIVA XERÁRQUICA.

Tipo de representación no que o tamaño das figuras responde á importancia dos seus personaxes e non ao seu aspecto e proporción obxectivos. Tamén denominada perspectiva teolóxica.




## 58.- PERSPECTIVA AÉREA.

Modo de conseguir plasmar no plano a terceira dimensión ó representar a atmosfera que envolve os obxectos, debuxando os fondos e os contornos das formas máis esvaídos. Toma en consideración a gradación dos tons e a imprecisión das liñas producida pola intermediación da atmosfera.




## 59.- PERSPECTIVA LINEAL.

Modo de conseguir plasmar no plano a terceira dimensión dispoñendo as figuras ó longo de liñas imaxinarias ou reais -liñas de fuga-, que converxen nun punto de fuga e son cada vez máis pequenas a medida que se desexa presentalas máis lonxe do espectador.




## 60.- PIAR E 61.- PILASTRA.

Elemento sustentante, normalmente máis alto e ancho que unha columna, de sección poligonal. Cando se adosa ao muro sen sobresaír demasiado, denomínase pilastra.




## 62.- PLAN CENTRAL.

Disposición xeral dunha construción arredor dun punto situado no centro da mesma. Adopta forma circular, poligonal e de cruz grega.




## 63.- PLANTA BASILICAL.

Planta lonxitudinal de forma rectangular. Adoita estar dividida en naves separadas por columnas e rematadas nunha ou máis ábsidas.




## 64- PLANTA CRUZ GREGA.

Tipo de planta formada pola intersección de dous brazos de igual tamaño. É moi común nos templos da Igrexa ortodoxa.




## 65.- PLANTA CRUZ LATINA.



Planta lonxitudinal en forma de cruz cun travesaño máis curto que o outro. O brazo menor denomínase transepto e o lugar no que ambos se cruzan é o cruceiro. Pode presentar unha o varias naves.

## 66.- PRESBITERIO.

Espazo na cabeceira das igrexas que circunda o altar maior ou o antecede, normalmente separado da nave por uns banzos, e que se reserva aos sacerdotes.



## 67.- RETRATO.



O retrato é a representación da figura humana (principalmente do rostro), ben de forma tridimensional (unha escultura) ou bidimensional (debuxo, pintura ou fotografía).


Pode ser individual ou de grupo; de corpo enteiro, de medio corpo ou de busto. Cando se fai dun mesmo recibe o nome de autorretrato.

## 68.- ROSETÓN.

Ventana de forma circular, cuberto con vidreiras, cuxa tracería (decoración feita con figuras xeométricas combinadas) dispónse xeralmente de forma radial. Característico da arte gótica.



## 69.- TÉCNICA DE PANOS MOLLADOS.



Técnica escultórica de modelado plástico, conseguido por medio dos panos da roupa, tratados como se estiveran mollados de xeito que se pegan ao corpo e acusan as súas formas.

## 70.- TÍMPANO.

Espazo delimitado polo lintel e as arquivoltas nas portadas románicas e góticas ou tamén o espazo triangular no interior dun frontón.



## 71.- TRIBUNA E 72.- TRIFORIO.


A tribuna constitúe unha galería sobre as naves laterais e da súa mesma anchura que se abre á nave central dun templo e onde poden acomodarse os fieis. É característica das igrexas de peregrinación.

O triforio redúcese a un pequeno pasadizo de circulación aberto en ventanais de carácter ornamental por riba das arcadas das naves. Propio da arquitectura gótica. Tamén chamado ándito.




## 73.- TRIGLIFO.

Adorno do friso dórico que se alternaba coa metopa. Consta de tres bandas verticais, glifos, separadas por dúas acanaladuras. Característico da orde dórica.



## 74.- TROMPA.



Estrutura triangular rematada en forma de bovedíña que serve para achaflanar as esquinas e máis concretamente para sustentar a bóveda semiesférica que se levanta sobre base poligonal.